



CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 23.03.2017 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3. RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE IDEAS E ADXUDICACIÓN DOS TRABALLOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA DO ÁMBITO DA PANIFICADORA. EXPTE 1046/400.

Antecedentes:

O día 21.03.2017 o xefe dos Servizos Centrais co conforme do xerente e do interventor xeral do Concello informa:

1.- Antecedentes.

Con data 28.10.2016 o Consello desta Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

1º Aprobar o gasto, por importe de 124.657,00 euros, con cargo á partida 1510.2270600 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, para o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística do ámbito da Panificadora e adxudicación dos traballos de modificación do PEPRI Casco Vello. (50.000 euros con cargo a 2016 e 74.657 euros con cargo a 2017).

2º Aprobar o prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística do ámbito da Panificadora e adxudicación dos traballos de modificación do PEPRI Casco Vello.

3º Aprobar o presente expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de licitación, que realizárase mediante a publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante do Concello de Vigo.

No prazo estipulado nos correspondentes anuncios (BOP, DOG e perfil do contratante) presentáronse 35 ofertas, que foron examinadas polo Xurado entre o 31.01.2017 e o 15.03.2017. Nesta data, o Xurado en pleno concluíu as súas actuacións e deliberacións co seguinte resultado:

1.- Gañador do concurso de ideas:

D. Jorge Salgado Cortizas e D. Celso López Martín (traballo número 5).

2.- Mencións especiais:

Dª. Cándida Martínez Pazos (traballo número 12).

D. Rodrigo Jesús-Portanet Fontana e D. Pablo Menéndez Paz (traballo número 13).

D. Alfredo Sirvent Silveira (traballo número 14).



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 20/04/2017 08:51

Páxina 1 de 2

EXPEDIENTE 1046/400

Código de verificación: 24ED4-22E88-4AD5A-482B4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

A comisión administrativa do Xurado, con data 20.03.2017, comprobou a documentación administrativa do gañador do concurso (cláusula 8ª do prego), quedando debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia para contratar coa Administración (artigos 54 e seguintes do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

Incorpórase documento contable “A”, co número 201700000785, data 21/03/2017, con cargo á partida 1510.2270600 do vixente Orzamento deste Organismo Autónomo.

De conformidade cos antecedentes sinalados, co previsto nas cláusulas 2, 7 e 8 do prego que rexeu este concurso de ideas, e co expresado polo artigo 174.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procede propoñer ó Consello da Xerencia, competente conforme ó artigo 10º.2.h) dos vixentes Estatutos (BOP de 6 de outubro de 2010), ...

A seguir os asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 9 votos: 1 da Marea de Vigo. Sr. Pérez Correa, 2 do PP: Sres. Fidalgo Iglesias e Figueroa Vila e 6 do PSOE: Sres. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, López Font e Rodríguez Escudero.

Acordo: O Consello por unanimidade adopta o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o premio de 50.000 euros a D. Jorge Salgado Cortizas e D. Celso López Martín (a partes iguais).

2º.- Adxudicar, polo procedemento negociado (suposto do artigo 174.d do TRLCSP) e importe de 74.657 euros, a D. Jorge Salgado Cortizas e D. Celso López Martín, o contrato de servizo de redacción do instrumento de planeamento necesario para a ordenación urbanística da área da Panificadora, como modificación do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo na data da sinatura dixital.

Me/Vº e Pº.

A Vicepresidenta da XMU María José Caride Estévez

